



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Asunto:** Nomeamento de 5 peóns/peoas, durante 2,5 meses, para a Campaña de limpeza de praias 2026, que se financia co programa de Limpeza de praias marítimas da Deputación Provincial da Coruña, convocatoria MA100/2026

**Núm. Admvo. Expte.:** 2026/E001/000004

**Expte. Decreto Núm.:** 2026/G003/000471

Vista a resolución publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 57, do 26/03/2026 pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa MA:100 subvencións a concellos da provincia para a limpeza de praias marítimas no 2026, polo que se concede a este concello unha subvención para a Campaña de limpeza de praias 2026.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 404/2026, de 01/06/2026 aprobáronse as bases para a para a contratación laboral temporal de 5 péons/peoas, durante 2,5 meses para a limpeza de praias marítimas deste concello, ano 2026 (subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña, convocatoria MA100)

Por medio da Resolución de Alcaldía núm. 437/2026, de 15/06/2026, aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria, elevándose á definitiva por non haber aspirantes excluídos/as.

Vista a acta de selección do tribunal reunido o día 18/06/2026 que avaliou procedemento de selección das persoas aspirantes presentadas a estes postos, na que propón ao sr. Alcalde designar a María Mercedes Blanco Martínez, Rosa Durán Alborés, Elvira Alborés Pose, Juan Manuel Mouzo Pose e Isidro Paredes Rivera peóns/peoas para para a Campaña de limpeza de praias marítimas 2026.

Unha vez comprobada a documentación presentada con datas 22 e 23 de xuño de 2026, polas persoas aspirantes propostas María Mercedes Blanco Martínez, Rosa Durán Alborés, Elvira Alborés Pose, Juan Manuel Mouzo Pose e Isidro Paredes Rivera, establecida na base décimo terceira das bases de selección e sendo as mesmas conformes.

Atendendo a que estamos en plena época estival, finais do mes de xuño, faise necesario dispoñer deste persoal canto antes para ter os areais en perfectas condicións, polo que cómpre proceder a súa contratación canto antes.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, esta alcaldía

### RESOLVO:

**Primeiro.** Nomear como peóns, persoal laboral temporal, no programa de Limpeza de praias marítimas deste concello, subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro da convocatoria MA100 subvencións a concellos da provincia para a limpeza de praias marítimas no 2026, a:

Apelidos e nome	DNI
Blanco Martínez, M <sup>a</sup> Mercedes	***9104**
Durán Alborés, Rosa	***6458**
Alborés Pose, Elvira	***1406**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Mouzo Pose, Juan Manuel	***3322**
Paredes Rivera, Isidro	***3163**

A duración do contrato será de dous meses e medio dende o 01/07/2026 e ata o 15/09/2026, ámbolos dous incluídos, a xornada completa e baixo a modalidade de contrato laboral temporal por circunstancias da produción, segundo o disposto no artigo 15.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

**Segundo.** De acordo coa base 11.5 das bases de selección esta resolución publicarase mediante anuncio inserido no Taboleiro de anuncios da sede electrónica deste concello e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

**Terceiro.** Dar traslado desta Resolución ao Departamento de contabilidade para o seu coñecemento e efectos.

**Cuarto.** Dar conta desta Resolución ao Pleno municipal na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Mándoo e asínoo en Laxe, na data da sinatura electrónica á marxe, asinando eu, como secretaria-interventora, para os efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

O alcalde, Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora, Begoña Carrasco García